

## “O MARISQUEO EN FISTERRA: UNHA ACTIVIDADE SOSTIBLE”.

O proxecto “O Marisqueo en Fisterra: unha actividade sostible” presentado pola confraría de pescadores “Ntra Sra de las Arenas” de Fisterra, foi financiado polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) nunha porcentaxe do 75% e o 25% restante foi financiado pola Xunta de Galicia, para a xestión sostible dos recursos marisqueiro explotados polos socios deste confraría.

O importe total recibido pola confraría foi de 53.833,73€ para un total de dous anos correspondentes ó período comprendido entre o 1 de xullo de 2021 ata o 30 de xuño de 2023. Este importe foi destinado pola confraría para as seguintes actuacións:

1. Contratación dos servizos dun biólogo, responsable do asesoramento técnico ó sector extractivo.
2. Compra de material de traballo, segundo se especifica no orzamento presentado no proxecto.

Os principais obxectivos que se pretenderon acadar coa presentación deste proxecto, son os seguintes:


1. Preservar a riqueza natural dos ecosistemas mariños de Fisterra.
2. Xestionar de forma sostible a explotación dos recursos marisqueiros das costas de Fisterra.
3. Fomentar unha das poucas actividades económicas da zona, de xeito que permita fixar poboación activa nunha das zonas de Galicia máis desfavorecidas dende o punto de vista laboral.
4. Facer do marisqueo unha actividade cada vez máis profesional.

O proxecto presentado pola confraría de pescadores de Fisterra para a xestión sustentable do marisqueo, xerou un total de 180 postos de traballo directos, entre os que se atopan os participantes nos diversos plans de xestión e o biólogo responsable do asesoramento técnico.

Durante a vixencia deste proxecto, a confraría de Fisterra presentou cinco plans de xestión: O plan de marisqueo a flote de Fisterra para o período 2021-2023, o plan de recursos específicos de Percebe de Fisterra para o período 2022-2024, e os plans conxuntos de Peneira, Solénidos e Ourizo para a zona administrativa V para o período 2022-2024.


A excepción do plan de marisqueo a flote que é moito máis recente, todos os demais plans teñen unha longa traxectoria, xestionándose de forma sostible dende 1993.

O volume de capturas de cada un dos recursos xestionados ó amparo dos plans de xestión para o período 2021-2023 é o seguinte:



**Gráfico 1: volume de capturas de recurso para cada un dos plans de explotación que xestiona a confraría de Fisterra. O valor de 2023 correspóndese ó período de xaneiro a maio.**

Estas capturas xeraron uns ingresos anuais por mariscador moi variables en función do recurso explotado e do total de días traballados.



**Gráfico 2: Representábase os ingresos brutos obtidos por mariscador obtidos a partir da venda do recurso para cada un dos plans de explotación que xestiona a confraría de Fisterra. O valor de 2023 correspóndese ó período de xaneiro a maio.**

A raíz dos resultados presentados nos distintos informes trimestrais, e a espera de presentar o informe final, podemos adiantar que os obxectivos xerais do proxecto foron acadados.